

TUTORIAL PARA O ACCESO DO ALUMNADO AO AULA VIRTUAL

(Titorial creado para profesorado, alumnado e familias, feito polo equipo TICs do CEIP A Magdalena -As Pontes-, e tamén válido para centros educativos públicos de Galicia)


Neste pequeno tutorial imos explicar como o alumnado e familias poden identificarse no **Aula Virtual** de cada centro educativo co seu usuario e contrasinal. Partimos da base de que **usuarios e contrasinais** xa están creados para cada unha/un delas/es, e que o equipo directivo e/ou cada titoría xa dispón dun **listado** con eses datos para pasarllos a cada unha das familias.

Seguiremos estes **PASOS**:

1. Na **páxina web** do Centro Educativo, pinchar en "**Aula Virtual**". Case sempre está na parte superior da páxina:



2. O paso anterior abrirá a páxina da **Aula Virtual do centro educativo**. Nela, teremos que entrar na parte superior onde pon "**Acceso**" (a parte grande de abaixo en azul pode estar ou non dependendo da Aula Virtual de cada centro ---> *importante*: a forma das Aulas Virtuais pode variar na forma, aínda que no fondo sexan case iguais):



3. Unha vez que xa prememos en “**Acceso**”, abrirase unha nova páxina onde nos pedirá o usuario e contrasinal (estes datos son os que xa ten o equipo directivo e/ou as persoas titoras. Se non os temos haberá que solicitarllos). Introducimos usuario e contrasinal e lle damos a “**Acceso**”. (*importante*: en moitos dos centros educativos usouse un contrasinal inicial igual para todo o alumnado):

Non está identificado.

Aula Virtual

Páxina principal > Entrar no sitio

Acceso

Nome de usuario

Contrasinal

Lembrar o nome de usuario

[Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?](#)

Deber ter as cookies activadas no seu navegador

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

4. Tras entrar por primeira vez, pedirá crear un **contrasinal novo** e definitivo, como mostra a seguinte imaxe. É neste momento cando temos que poñer un contrasinal creado por nós (recomendamos que teña entre 6-10 letras e números, sen espazos!). Deixamos o de contrasinal actual como está, e poñemos o novo onde di “**novo contrasinal**” e “**novo contrasinal (novamente)**”. Onde pon “apelido1.apellido2.nome” estará o voso usuario:

Estas identificado como Nome Apellido1 Apellido2 (Salir)

Aula Virtual

Páxina principal > Configuración do meu perfil > Cambiar contrasinal

Para continuar, deberá cambiar o seu contrasinal.

Cambiar contrasinal

Nome de usuario
apellido1.apellido2.nome

Contrasinal actual*

Novo contrasinal*

Novo contrasinal (novamente)*

Navegación

- Páxina principal
 - A miña área persoal
 - Páxinas do sitio
 - Meu perfil
 - Cursos

Administración

- Configuración do meu perfil
 - Editar o perfil
 - Cambiar contrasinal**
 - Mensaxería

5. Unha vez completados correctamente os datos, na seguinte pantalla nos dirá que se **modificou o contrasinal**, polo que a partir de agora entraremos SEMPRE co contrasinal novo que creamos recentemente. Despois de darlle a “**continuar**” veremos xa os datos do noso usuario, polo que xa estamos dados de alta no sistema, parabéns!!



A partires de agora, ao estar dado de alta no sistema co noso usuario creado, **poderemos**: ver diferentes seccións da Aula Virtual, participar en foros, enviar mensaxes a compañeiras/os e ao profesorado, participar en diferentes tarefas propostas, etc. etc.